



BANDO DA ALCALDÍA

DON MANUEL ÁNGEL OTERO LEGIDE, Alcalde-Presidente do Excmo. Concello de Mondoñedo, por medio do presente,

AXUDAS Á REHABILITACIÓN ENERXÉTICA DE EDIFICIOS

FAI SABER:

Que o venres día 6 de novembro de 2020 saíu publicada no DOG a resolución do Instituto Galego de Vivenda e Solo sobre as axudas para actuacións de rehabilitación enerxética en edificios.

ACTUACIÓNS SUBVENCIONABLES

- Mellora da eficiencia enerxética da envolvente térmica (fachada, cuberta, fiestras,...)
- Mellora da eficiencia enerxética e uso de enerxías renovables nas instalacións térmicas de calefacción, climatización, refrixeración, ventilación e auga quente sanitaria.
- Mellora de eficiencia enerxética das instalacións de iluminación.

As actuacións subvencionables deberán realizarse:

- En edificios completos que teñan os usos de vivenda unifamiliar ou en edificios de tipoloxía residencial colectiva de vivenda.
- Nunha ou varias vivendas ou locais do edificio, consideradas individualmente ou sobre partes dun edificio.

Deberán de cumprirse os seguintes requisitos:

- Que o edificio fose construído con anterioridade a 2007
- Que polo menos un 70% da superficie construída sobre rasante do edificio estea destinada a uso residencial.

CONTÍA DA AXUDA

A contía da axuda poderá acadar **ata un 85% do coste elexible da actuación.**

PRAZO DE SOLICITUDES

O prazo de presentación de solicitudes será dende **o día 2 de xaneiro ata o 31 de xullo de 2021.**

O que se fai público para xeral coñecemento e correspondentes efectos.

Desculpen as molestias ocasionadas en todo o que supuxo a execución da obra.

Mondoñedo, na data de sinatura

O Alcalde,

(Documento asinado dixitalmente á marxe)

